REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da **Federación Galega de Tiro con Arco**, xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, ao que se refire o artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

2.- O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da **Federación Galega de Tiro con Arco** e ás persoas integradas na mesma.

3.- Esta norma ten por obxecto a regulación das licenzas da **Federación Galega de Tiro con Arco.**

4.- *Esta norma estará en vigor desde a tempada 2025 / 2026 inclusive, en tanto non sexa modificada ou derrogada por outra posterior.*

Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas.

1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros rexistrados da **Federación Galega de Tiro con Arco** a través dos distintos estamentos.

2.- A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos:

> ***Artigo 9. Licenzas.***
> 1. *A integración na FGTA producirase mediante a expedición por esta da correspondente licenza federativa ou documento de afiliación ou inscrición.*
> 2. *A integración na FGTA levará consigo a integración automática e para tódolos efectos na Real Federación Española de Tiro con Arco.*
> 3. *Para participar nas competicións oficiais de tiro con arco no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia será preciso posuí-la correspondente licenza federativa en vigor expedida pola FGTA ou pola RFETA a través daquela.*
> 4. *A FGTA poderá expedi-las súas propias licenzas de acordo coas súas normas, en conformidade coas normas da RFTA e da FITA.*
> 5. *A expedición das licenzas terá carácter regrado e non poderá denegarse o seu outorgamento cando o solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención. Transcorrido o prazo que se determine regulamentariamente desde a solicitude da oportuna licenza, esta entenderase outorgada por silencio administrativo.*
> 6. *No caso das licenzas federativas, e de forma previa á súa expedición, a FGTA poderá establecer, conforme se determine regulamentariamente, a obrigatoriedade dun recoñecemento médico do arqueiro que determine a*

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

inexistencia de contraindicacións para a práctica da súa modalidade deportiva.

7. *A expedición de licenzas federativas, escolares e universitarias comporta a obriga de subscribir un seguro que garanta a cobertura dos seguintes riscos:*
   a) *Indemnización para supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento.*
   b) *A asistencia sanitaria.*
8. *Xunto co sinalado no apartado anterior, e no caso das licenzas federativas, estas outorgaranlle ao seu titular a condición de membro da correspondente federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na federación deportiva correspondente.*
9. *No seu ámbito de actuación, a FGTA poderá establecer licenzas de carácter competitivo e recreativo, así como calquera outro tipo de licenza debidamente aprobada.*
10. *No documento da licenza consignaranse claramente, entre outros aspectos, os dereitos federativos e o seguro obrigatorio de asistencia sanitaria cando se trate de persoas físicas.*
11. *O importe da licenza por modalidade ou especialidade deportiva, estamento ou categoría deberá ser fixado e aprobado pola asemblea xeral.*
12. *Os datos de carácter persoal contidos nas licenzas federativas serán comunicados para a elaboración do censo dos correspondentes procesos electorais.*
13. *Sen prexuízo do previsto no apartado c) do artigo 11, a baixa (suspensión ou privación da licenza federativa) dos membros da FGTA (temporal ou perpetua) só poderá ser acordada polo órgano disciplinario que resulte competente segundo o previsto no artigo 80 dos presentes estatutos e polo procedemento regulado nos artigos 81-83, como sanción a impoñer derivada da comisión dunha infracción tipificada nos presentes estatutos.*
14. *Obriga de aceptar protección de datos*

Artigo 10. Dereitos básicos dos membros da FGTA.

Son dereitos básicos dos compoñentes dos estamentos integrados na FGTA os seguintes:

a) *Participar como electores e elixibles ós órganos de representación e goberno da FGTA dentro das condicións establecidas polos presentes estatutos.*
b) *Expresar libremente as súas opinións no seo da FGTA, con suxeición á lexislación vixente.*
c) *Participar nas competicións oficiais de tiro con arco de acordo cos presentes estatutos e nos correspondentes regulamentos.*
d) *Figurar nas clasificacións oficiais editadas pola FGTA, sempre que reúnan os requisitos deportivos necesarios.*
e) *Agruparse en entidades deportivas, con ou sen personalidade xurídica, que deberán estar integradas necesariamente na FGTA.*
f) *Os demais dereitos derivados da lei ou dos presentes estatutos.*

Artigo 11. Deberes básicos dos membros da FGTA.

Son deberes básicos dos compoñentes dos estamentos integrados na FGTA os seguintes:

a) *Cumprir e facer cumpri-las disposicións legais, os presentes estatutos e*

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

demais regulamentos da FGTA e normas propias polas que se rexan.

b) Someterse á autoridade dos organismos federativos do que dependan e, no caso de entidades e clubs deportivos, cede-las súas instalacións cando sexan necesarias para celebrar actos ou competicións organizadas por aqueles e sempre que o permitan as súas propias actividades.

c) Contribuír os orzamentos da FGTA pagando cotas e outras obrigas pecuniarias aprobadas pola asemblea xeral, así como as multas nas que puidesen incorrer por sanción federativa. A xunta directiva da FGTA poderá acordar dar de baixa nesta a aquelas persoas ou entidades que incumpran as obrigas previstas neste parágrafo, o que se comunicará para o seu referendo á asemblea xeral na primeira reunión que esta celebre con posterioridade ó acordo da xunta directiva.

d) Non quebranta-la disciplina federativa en ningún dos seus ámbitos nin crear directa ou indirectamente situacións que poidan derivar en aldraxe ou molestia, e neutralizar polos medios máis eficaces as que eventualmente xurdan.

e) Contestar axiña ás comunicacións recibidas dos órganos superiores, facilitándolles a estes cantos datos e informes soliciten.

f) Facilitar á Administración autonómica a documentación e información pertinentes para participar na elaboración do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, e velar polo cumprimento do seu contido unha vez aprobado.

g) Esixir e tramitar polas entidades deportivas a obtención da licenza de arqueiro a tódolos socios que practiquen o tiro con arco.

h) Calquera outra fixada polas disposicións legais, estatutos e regulamentos.

Artigo 12. Selección galega de tiro con arco.

1. A selección galega de tiro con arco agrupará ós deportistas que participen nunha proba, ou conxunto de probas, ou nunha competición en representación de Galicia.

2. A convocatoria, preparación e dirección das selección galega de tiro con arco efectuarase de acordo cos principios de obxectividade e mérito deportivo.

3. Todos arqueiros que estean en posesión de licenza federativa terán a obriga de asistir ás convocatorias da selección galega, agás que concorra causa xustificada. Pola súa banda, as entidades deportivas nas que se atopen integrados os deportistas seleccionados estarán obrigadas a permiti-la súa asistencia ás convocatorias que se realicen.

4. A selección galega de tiro con arco deberá empregar o himno e a bandeira oficial de Galicia nos eventos deportivos que disputen.

5. A actividade internacional da selección galega de tiro con arco axustarase aos termos da lexislación xeral sobre representación e actividade internacional das seleccións deportivas.

3.- Para a participación en actividades ou competicións oficiais da **Federación Galega de Tiro con Arco** precísase estar en posesión de licenza federativa expedida por esta.

4.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola **Federación Galega de Tiro con Arco** habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da **Real Federación Española de Tiro con Arco**

Artigo 3.- Clases de licenzas polo seu obxecto.

No seo da **Federación Galega de Tiro con Arco** existirán as seguintes licenzas en función do seu obxecto:

a) Licenzas de carácter competitivo: son as que habilitan para participar en competicións oficiais da Federación Galega de Tiro con Arco.

I. Autonómica: aquelas que única e exclusivamente habilitan para:

*- **Entrenador/monitor autonómico**: formar, entrenar e acreditar aos arqueiros para a obtención da licenza federativa.*

*- **Xuíz autonómico**, (maiores de 69 anos) arbitrar en competicións non oficiais d**a Federación Galega de Tiro con Arco**, u oficiales non homologadas ante a **RFETA** ou **WA** a través da **RFETA**.*

*II. **Única**: aquelas que habilitan para participar en competicións oficiais e non oficiais da **Federación Galega de Tiro con Arco** e, ademais, nas competicións de ámbito territorial superior conforme a normativa federativa correspondente.*

b) Licenzas de carácter recreativo:

*- **Arqueiro Novel/Cursillista**: Para realizar o curso formativo, polo que poidan obter a licenza federativa, acreditando coñecementos básicos de seguridade no manexo do arco polo monitor responsable de dito curso.*

Artigo 4.- Clases de licenzas por estamentos.

1.- As licenzas federativas poderán corresponder aos seguintes estamentos:

a) Entidades deportivas.

b) Deportistas.

c) Adestradores-técnicos.

d) Xuíces-árbitros.

2.- Sen prexuízo do disposto no artigo seguinte, existirá incompatibilidade en aqueles casos que a RFETA establezca na sua normativa e reglamentos.

Artigo 5.- Prohibicións e incompatibilidades.

1.- Non poderá expedirse licenza a favor de quen estea cumprindo calquera sanción disciplinaria ou penal que carrexe a privación de licenza, ou inhabilitación para o desempeño das actividades que permita a licenza solicitada, así como aos sancionados por dopaxe en virtude do disposto pola súa lexislación específica. Os sancionados con suspensión de licenza poderán renovar ou obter nova licenza en calquera momento, sen prexuízo de non poder desenvolver as actividades en cuestión ata o total cumprimento da sanción correspondente.

2.- Non se emitirá licenza a persoa algunha que teña licenza federativa en vigor por outra federación autonómica de **TIRO CON ARCO** ou pola federación de outro Estado da mesma modalidade.

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

Artigo 6.- Estranxeiros.

1.- Poderán obter licenza (*da clase que sexa*) os residentes comunitarios e os estranxeiros non comunitarios con residencia legal en España.

2.- Tratándose de menores de idade, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que en cada momento poida establecer a **Federación Internacional de Tiro con Arco** para a protección dos menores, para obter licenza bastará coa acreditación do seu empadroamento nun municipio do Estado, dentro dos tres meses anteriores a solicitude.

Artigo 7.- Duración.

1.- As licenzas expirarán coa finalización da tempada deportiva da modalidade ou especialidade para a que foron expedidas, é dicir, o 30 de setembro, ao finalizar a tempada en curso.

2.- Toda licenza Novel, caducará una vez finalice o curso formativo ou o prazo máximo establecido e aprobado pola Asamblea de la FGTA, con duración dentro do calendario da tempada, como o resto de licenzas, caducando en todo caso igual que o resto e debendo cursar unha nova na seguinte tempada, cumprindo cos prazos aprobados, non máis de unha renovación (salvo a excepción aprobada pola Asamblea da FGTA). En todo caso calquera que ostente dita licenza terá dereito a obter a licenza de Arqueiro aboando a correspondente con ela así como cumprimentando os requisitos establecidos para dita licenza federativa.

Artigo 8.- Licenzas de entidades deportivas (CLUBES).

Poderán obter licenza de entidade deportiva aqueles clubs ou seccións deportivas debidamente rexistrados para a práctica do Tiro con Arco no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Toda licencia federativa remata a súa vixencia o 30 de Setembro, ó finalizar a tempada deportiva en curso, que comeza o 1 de outubro do ano anterior.

Os requisitos que deben ter os clubs para obter a licenza son os seguintes:

- Rexistrada e a documentación ao día.
    - Estatutos,
    - Xunta Directiva: Presidente e data de nomeamento (dilixenciada na SXD)
    - Aqueles necesarios e requiridos dentro da plataforma de rexistro e emisión de licenzas:
        - Imaxe corporativa
        - Datos de contacto
            - Correo electrónico
            - Teléfono de contacto

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

  - Redes sociais (no caso de dispoñer)
- Protocolo de protección a nenos, nenas e adolescentes fronte a violencia
- Delegado del protección
- Seguro de responsabilidade civil
- Técnico responsable (propio ou concertado)
- CIF

Anexos novos Clubs:

- ***N04.Anexo_I-c.Clubes.pdf***
- **N04.Anexo_II-c.Compromiso_clubes.pdf**
- **N04.Anexo_III-c.Clubes.pdf**

NOTA: Tódolos Clubs deben telos adxuntos como documentación.

Artigo 9.- Licenzas de deportistas.

1.- Adscrición: As licenzas de deportistas deberán estar adscritas a un Club (e a uniformidade estará suxeita ao mesmo), as de técnicos poden estar ou no a un Club e as de Xuíces non estarán adscritas a ningún Club.

2.- En caso de admitirse, reflectir os requisitos que posibilitan o cambio de club de adscrición durante a tempada, coa previsión das posibles distincións segundo se trate ou non de menores de idade.
Os deportistas poderán cambiar de Club, sempre que o notifiquen a o mesmo e o admitan en outro. Non poderá participar en competicións por equipos en ligas en curso. No caso de menores, a tramitación da licencia estará suxeita sempre a ambos proxenitores ou titor legalmente establecido.

Os deportistas, unha vez obtida a licenza a través dun Club e que é a título persoal, no caso de desvinculación do Club, non perderá a condición de federado. Unha vez rematada a tempada, a súa renovación estará condicionada a súa adscrición con un club, co que formalizará a tramitación da licenza federativa nas mesmas condicións que o resto, sen diferenciar idade ou condición.
De non mediar comunicación algunha desde a solicitude de licenza os deportistas competirán a través do Club polo que a tivesen solicitado.

3.- As licenzas de deportistas divídense nas seguintes categorías de idade:

As existentes na modalidade
a) Prebenxamín: (Ata os 7 anos)
b) Benxamín: (Ata os 9 anos)
c) Alevín: (Ata os 11 anos)
d) Infantil: U15 (Ata os 14 anos)
e) Cadete: U18 (Ata os 17 anos)
h) Junior: U21 (Ata os 20 anos)
j) Sénior/Absoluto
k) Veterano 50+

* Que non cumpran os anos no segundo ano da tempada.

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

*5.- Detallar os requisitos esixidos para a obtención de **licenza de deportista**.*
Certificado de aptitude do monitor del Club conforme el documento (NUEVOS):

- **N04.Anexo_IV-a.Arqueros_nuevos.pdf** *(Ou similar, aprobado pola Xunta Directiva da FGTA)*

Renovación licencia federativa de deportista (Soporte físico menores, aceptación en plataforma maiores de idade)

- **N04-Anexo_V-na.Deportistas_c-TUTELADOS.pdf** *(Ou similar, aprobado por la Xunta Directiva da FGTA)*

Os requisitos que debe ter o federado para obter a licenza son os seguintes e que deben coincidir cos datos da ficha que se axuntase, debendo notificar e/ou facer os cambios oportunos no caso de que os mesmos se modifiquen:

- Foto tipo carné, recente. Requisitos da imaxe:
  - A imagen debe ter un tamaño máximo de : 5MB;
  - Os formatos permitidos para a subida da imaxe do federado son: : .jpg, .jpeg y .png;
  - Esta imaxe usarase de perfil nas plataformas da RFETA e aparecerá tanto, na licenza dixital, cómo nas impresións e documentos xerados da mesma.
- Datos de contacto
  - Correo electrónico persoal
  - Teléfono contacto
  - Dirección

  NOTA: (No caso de menores o do titor legalmente establecido e que será o que deba figurar en calquera posible cambio durante a tempada)
- Presentar certificado de delitos sexuais **negativo**, conforme ao exposto no parágrafo anterior.
  - NOTA: (No caso de que así llo requiran no Club ou participe en competicións federativas)
- Non contar con sanción ou expediente administrativo que implique estar apartado da función de técnico e/ou deportista.
- Aceptación na plataforma protección de datos (Menores, farao o titor legalmente establecido no papel)

Artigo 10.- Licenzas de adestradores-técnicos.

1. As licenzas de adestradores-técnicos divídense nas seguintes categorías de acordo coa súa titulación:

a) Monitor autonómico: precisarase a titulación monitor autonómico expedido pola FGTA

b) Técnico Deportivo nivel I (TDI): precisarase a titulación de Nivel I sendo de ámbito nacional

c) Técnico Deportivo nivel II (TDII): precisarase a titulación de nivel II sendo de ámbito nacional

d) Entrenador superior (TDIII): precisarase a titulación de nivel III sendo de ámbito nacional

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

2. Tratándose de adestradores-técnicos cuxa actividade implique contacto habitual con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, mediante certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais que deberá achegarse á *Federación de tiro con arco* xunto coa súa solicitude de licenza. *Dito documento deberá subirse á plataforma de licenzas para poder ser validada pola FGTA.*

3. Os requisitos esixidos para a obtención da licenza de técnico os seguintes e que deben coincidir cos datos da ficha que se axuntase, debendo notificar e/ou facer os cambios oportunos no caso de que os mesmos se modifiquen:

- Ser maior de idade

- Acreditar titulación segundo requira cada un dos niveis de adestrador para o que se solicita a licenza

- Foto tipo carné, recente. Requisitos da imaxe:
  - A imagen debe ter un tamaño máximo de : 5MB;
  - Os formatos permitidos para a subida da imaxe do federado son: : .jpg, .jpeg y .png;
  - Esta imaxe usarase de perfil nas plataformas da RFETA e aparecerá tanto, na licenza dixital, cómo nas impresións e documentos xerados da mesma.
- Datos de contacto
  - Correo electrónico persoal
  - Teléfono contacto
  - Dirección
- Presentar certificado de delitos sexuais **negativo**, conforme ao exposto no parágrafo anterior.
- Non contar con sanción ou expediente administrativo que implique estar apartado da función de técnico e/ou deportista.
- Complementar los datos federativos na plataforma.

- **N04.Anexo_VI-t.Tecnico.pdf** *(O similar, aprobado por la Junta Directiva de la FGTA)*
- **N04.Anexo_VII-tj.Tecnicos_y_Jueces.pdf** *(O similar, aprobado por la Junta Directiva de la FGTA)*

Renovación licencia federativa de Técnico (aceptación na plataforma)

4. Toda licenza federativa remata a súa vixencia o día 30 de setembro, ao finalizar a tempada deportiva en curso, que comeza o 1 de outubro do ano anterior.

Artigo 11.- Licenzas de xuíces-árbitros.

1. *As licenzas de xuíces serán tramitadas a través da plataforma da RFETA pola FGTA.*
2. *As licenzas de xuíces estarán suxeitas á Regulamentación do Comité de Xuíces da FGTA e ao Regulamento do Comité Nacional de Xuíces.*

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

3. *As licenzas de xuíces-árbitros divídense nas seguintes categorías de acordo coa súa titulación:*
   As existentes na modalidade
   a) Xuíz Autónomico: serán aqueles que conten con 70 anos cumpridos.
   b) Xuíz RFETA NIVEL I
   c) Xuíz RFETA NIVEL II
   d) Xuíz RFETA NIVEL III
   e) Outros tipos de xuíz (a definir pola RFETA,

4. A licenza de xuíz está suxeita á titulación da que dispoña pola súa formación, debidamente acreditada.

La validación de dichas licencias faise dende a FGTA e non dende os Clubs.

Os requisitos esixidos para a obtención da licenza de XUÍZ os seguintes e que deben coincidir cos datos da ficha que se axuntase, debendo notificar e/ou facer os cambios oportunos no caso de que os mesmos se modifiquen:

- Acreditar titulación segundo requira cada un dos niveis de adestrador para o que se solicita a licenza
- Foto tipo carné, recente. Requisitos da imaxe:
  - A imagen debe ter un tamaño máximo de : 5MB;
  - Os formatos permitidos para a subida da imaxe do federado son: : .jpg, .jpeg y .png;
  - Esta imaxe usarase de perfil nas plataformas da RFETA e aparecerá tanto, na licenza dixital, cómo nas impresións e documentos xerados da mesma.
- Datos de contacto
  - Correo electrónico persoal
  - Teléfono contacto
  - Dirección
- Presentar certificado de delitos sexuais **negativo**, conforme ao exposto no parágrafo anterior.
- Non contar con sanción ou expediente administrativo que implique estar apartado da función de técnico e/ou deportista.
- Complementar los datos federativos na plataforma.

- **N04.Anexo_VI-j.Juez.pdf** *(O similar, aprobado por la Junta Directiva de la FGTA)*
- **N04.Anexo_VII-tj.Tecnicos_y_Jueces.pdf** *(O similar, aprobado por la Junta Directiva de la FGTA)*

Renovación licencia federativa de Xuíz (aceptación na plataforma)

Artigo 12.- Licenzas de Iniciación- Licencia Novel / Cursillistas

Poderán obter licenza de iniciación, novel ou cursillistas aqueles deportistas que non contasen con licenza federativa en tempadas anteriores e que formen parte dun curso de iniciación impartido por un club cun monitor/es acreditado/a a cargo do mesmo.

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

Para a emisión de licenzas desta índole, os clubs serán os responsables de indicar á FGTA a través do correo de licenzas as datas, duración, localización e monitor/es a cargo da formación de novos arqueiros/as.
Esta licenza estará supeditada á formación e non será valedoira para a participación en competición nin para portar arcos fóra do lugar de adestramento e formación establecida no propio club.

Detallar os requisitos esixidos para a obtención de **Licencia Novel- Cursillistas***.*

- **N04.Anexo_IV-n.Licencia_recreatva.pdf** *(O similar, aprobado por la Junta Directiva de la FGTA)*

(Soporte físico menores, aceptación en plataforma maiores de idade)

- **N04-Anexo_V-na.Deportistas_c-TUTELADOS.pdf** *(Ou similar, aprobado por la Xunta Directiva da FGTA)*

Os requisitos que debe ter o federado para obter a licenza os seguintes e que deben coincidir cos datos da ficha que se axuntase, debendo notificar e/ou facer os cambios oportunos no caso de que os mesmos se modifiquen:

- Foto tipo carné, recente. Requisitos da imaxe:
  - A imagen debe ter un tamaño máximo de : 5MB;
  - Os formatos permitidos para a subida da imaxe do federado son: : .jpg, .jpeg y .png;
  - Esta imaxe usarase de perfil nas plataformas da RFETA e aparecerá tanto, na licenza dixital, cómo nas impresións e documentos xerados da mesma.
- Datos de contacto
  - Correo electrónico persoal
  - Teléfono contacto
  - Dirección

  NOTA: (No caso de menores o do titor legalmente establecido e que serán os que deberá figurar para calquera posible cambio durante a tempada)
- Presentar certificado de delitos sexuais **negativo**, conforme ao exposto no parágrafo anterior.
  - NOTA: (No caso de que así llo requiran no Club ou coincida con menores dentro do curso)
- Non contar con sanción ou expediente administrativo que implique estar apartado da práctica deportiva federada.
- Aceptación en la plataforma protección de datos (Menores, farao o titor legalmente establecido no papel)

Artigo 13.- Aseguramento de accidentes deportivos.

1.- A expedición de calquera licenza federativa leva consigo a obriga de subscribir un seguro que garanta a cobertura de indemnización para os supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento, así como a asistencia sanitaria, derivados de accidente deportivo, nos termos establecidos na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

2.- O dito seguro será subscrito pola Federación Galega de Tiro con Arco en condición de tomador, sendo o titular da licenza o asegurado.

Artigo 14.- Función de expedición de licenzas.

1.- A Federación Galega de Tiro con arco, na súa condición de entidade que exerce a función pública delegada de expedición de licenzas, de carácter administrativo, é competente en réxime de exclusividade para expedir e tramitar licenzas federativas de (*modalidade deportiva*) na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.

2.- A Federación Galega de Tiro con Arco exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou exercicio de substitución sen a autorización da Administración deportiva autonómica.

3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a licenza a canta persoa solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

4.- A Federación Galega de Tiro con Arco informará a calquera persoa interesada sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.

Artigo 15.- Tramitación e emisión de licenzas.

1.- As solicitudes de licenza deberán ser obrigatoriamente formuladas, *polo club ao que se vincule/polo interesado ou os seus representantes legais,* a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de Tiro con Arco achegando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación.

2.- O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada iníciase coa emisión da primeira circular da tempada e tras a apertura da plataforma por parte de la RFETA e conclúe no mes de setembro no día que se estipule, para cada tempada deportiva, en función dos prazos da Real Federación Española en consonancia coa Federación Galega.

No caso de existir prazos distintos para cada estamento, deberán especificarse por separado.

3.- As solicitudes de licenzas presentadas por entidades deportivas deberán selo obrigatoriamente por medios electrónicos.

4.- As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.

5.- A tramitación das solicitudes compételle ao Departamento de Licenzas.

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

6.- Calquera solicitude que adoecese da falta dalgún requisito emendable, dará lugar ao requirimento ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle *ao Xefe de Licenzas en primeira* instancia e o Presidente da Federación Galega en segunda instancia.

8.- As licenzas deberán ser emitidas e postas ao dispor do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivádemente, no prazo máximo dun (1) mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.

9.- O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

10.- Calquera solicitude de licenza entenderase outorgada por silencio positivo, se non se notifica resolución expresa no prazo máximo indicado no apartado oitavo do presente artigo.

11.- Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

Artigo 16.- Licenzas nulas.

1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:
a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
b) Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club, nese caso será anulada a licenza máis recente.
c) Incorrer en incompatibilidade entre dúas ou máis licenzas de acordo co previsto no presente regulamento.
d) No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a Federación estime que non se reúne algún dos requisitos esenciais para obtela, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle á persoa licenciada un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.

2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación que lle compete *ao Departamento de Licenzas e o Presidente da Federación,* deberá garantirse a audiencia da persoa interesada por un período de dez (10) días hábiles.

3.- A resolución anulando ou mantendo a validez da licenza compételle *o Presidente da Federación* e fronte á mesma caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. no prazo de un mes previo esgotamento da vía federativa mediante

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

impugnación ante o Comité de Recursos/Comité Xurisdicional a interpor no prazo de un mes.

Artigo 17.- Protección de datos persoais.

1.- A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas, axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal. En particular, estarase ao disposto no artigo 28.6 da lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

2.- A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas.

3.- Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan nesta materia.

Artigo 18.- Importe das licenzas.

1.- O importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro con Arco para cada especialidade, estamento ou categoría, segundo se recolle no Anexo I ao presente regulamento.

2.- No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza.

Artigo 19.- Soporte e contido das licenzas.

1.- As licenzas federativas emitiranse en soporte dixital a través da plataforma de licenzas
2.- O formato das licenzas federativas é o recollido no Anexo II do presente regulamento.
3.- No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos que resulten obrigatorios no caso das licenzas que permitan a participación en ámbitos superiores ao autonómico, deberán consignarse claramente, como mínimo, os seguintes datos:
a) O selo, logotipo e denominación da Federación Galega de Tiro con Arco e da Xunta de Galicia
b) Duración da licenza.
c) Nome e apelidos da persoa titular.
d) Data de nacemento da persoa titular.
e) Especialidade deportiva.

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

f) *No seu caso*, entidade deportiva á cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza.
g) Categoría/estamento.
h) Dereitos federativos. Este contido poderá ser substituído pola súa remisión mediante ligazón ao desenvolto con máis extensión en determinado apartado da páxina web federativa.
i) Identificación da Compañía Aseguradora e teléfono de atención e emerxencias.
k) Número de póliza para a declaración do accidente deportivo, no seu caso.
l) Número de licencia
m) Fotografía da persoa titular

4.- As licenzas que habiliten para a participación en actividades ou competicións de ámbito estatal deberán reflectir polo menos en lingua española os datos correspondentes.

Disposición Final.- Entrada en vigor.

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm. 33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo de tres (3) meses a Administración deportiva autonómica non notificase a correspondente resolución de aprobación.

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

ANEXO I

IMPORTES DOS DISTINTOS TIPOS DE LICENZAS PARA A TEMPADA 2025/2026

ENTIDADADES DEPORTIVAS:

ALTA NUEVO CLUB **175,00.-€** (CIENTO SETENTA E CINCO Euros)

RENOVACIÓN DE CLUB **175,00.-€** (CIENTO SETENTA E CINCO Euros)

DEPORTISTAS:

ARQUERO **40,00.-€** (CUARENTA Euros)

- *CADETE U18*
- *JUNIOR U21*
- *SENIOR*
- *SENIOR 50+*

ARQUERO MENOR DE 14 AÑOS **20,00.-€** (VEINTE Euros)

- *PREBENJAMÍN* [1]
- *BENJAMÍN*[2]
- *ALEVÍN*[3]
- *INFANTIL U15*[4]

ARQUERO DE INICIACIÓN (NOVEL)[5] **10,00.-€** (DIEZ Euros)

- Sin distinción de edad

TÉCNICO **40,00.-€** (CUARENTA Euros)

- *Monitor/Entrenador Autonómico*
- *Monitor/Entrenador (o su equivalente académico RFETA)*
- *Monitor/Entrenador Nacional (o su equivalente académico RFETA)*
- *Monitor/Entrenador Superior (o su equivalente académico RFETA)*
- *Monitor/Entrenador Nivel I*
- *Monitor/Entrenador Nivel II*
- *Monitor/Entrenador Nivel III*

JUEZ **45,00.-€** (CUARENTA E CINCO Euros)

- *Xuiz Autonómico e/o outras licenzas recoñecidas pola FGTA e dispostas pola RFETA*
- *Xuiz (o su equivalente académico RFETA – JUEZ NIVEL I)*
- *Xuiz Nacional (o su equivalente académico RFETA – JUEZ NIVEL II)*
- *Xuiz Nacional y de Seguridad (o su equivalente académico RFETA – JUEZ NIVEL III)*

LICENCIAS COMBINADAS – Descuentos a aplicar por combinación de licencias de deportistas, técnicos e/o xuices dun mesmo federado, en su suma.

2 LICENCIAS ***(****Arquero+Técnico / Arquero+Juez / Técnico+Juez)*
5,00.-€ (CINCO Euros) de DESCONTO

3 LICENCIAS ***(****Arquero+Técnico+Juez)*
10,00.-€ (DIEZ Euros) de DESCONTO

Notas:

[1] *Menores de 8 años. Que o segundo ano da tempada, non cumplan 8.*
[2] *Edades estimadas 8 e 9 años. Que o segundo ano da tempada, non cumplan 10.*
[3] *Edades estimadas 10 e 11 años. Que o segundo ano da tempada, non cumplan 12.*
[4] *Menores de 14 años. Edades estimadas 12, 13 e 14 anos. Que o segundo ano da tempada, non cumplan 15.*
[5] *La licencia del arquero de iniciación (NOVEL) surge del requerimiento da Guarda Civil e da Secretaría Xeral para o Deporte así como da compañía de seguros, e da dereito a recibir o curso de iniciación nun Club baixo a supervisión dun monitor. No da dereito a participar en competiciones oficiais da FGTA e da RFETA. É renovable por una soa vez.*

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

ANEXO II

MODELO DE FORMATO DE LICENZAS
Emisión DIXITAL
(Facilitando imaxen para impresión)

IDENTIFICACIÓN CLUB

IDENTIFICACIÓN JUEZ

IDENTIFICACIÓN TÉCNICO

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación

IDENTIFICACIÓN DEPORTISTA

IDENTIFICACIÓN CURSILLISTA – NO APTA COMPETICIÓN

Firmado por ***0315** MANUEL QUINTANA (R: ****3413*) el día 13/10/2025 con un certificado emitido por AC Representación